



EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO “RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS”


O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO “RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS”**, de data 21 de abril de 2017.

Propónse unha nova redacción do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España a que leve a cabo as seguintes accións:

- *A revisión do deseño e aplicación actual da regra do gasto tendo en conta os criterios e normas aprobados no ámbito da Unión Europea e os criterios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira das administracións públicas.*
- *A modificación da Lei de Facendas Locais (DA XVI do RDLex 2/2004, do 5 de marzo) para ampliar os grupos de programas nela recollidos e polo tanto poder empregar o superávit sen as actuais restricións por materias.*
- *A modificación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria (Lei 2/2012, do 27 de abril) e a Lei de Facendas Locais (RDLex 2/2004, do 5 de marzo) para permitir o emprego do superávit anualmente, sen necesidade da previa autorización pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.*

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017


Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela